

En definitiva, a visión aristotélica da natureza é inseparable da súa visión metafísica. Os binomios metafísicos de materia e forma (hilemorfismo) e potencia-acto, determinarán, en primeiro lugar, a concepción aristotélica do ser humano, un ser natural composto de materia (corpo) e alma (forma) e, en segundo lugar, unha ética na que defenderá a aspiración a actualizar as potencialidades máis propias do ser humano.

Antes de expoñer a súa ética debemos, pois, considerar a antropoloxía de Aristóteles.

Como un máis dos seres animados, o ser humano está constituído, á maneira dualista de Platón, como un composto de alma e corpo, de forma e materia, de acto e potencia.

Agora ben, en contra da teoría platónica, o dualismo aristotélico non pretende establecer unha oposición entre corpo e alma como se se tratase de realidades de natureza contraria. Alma e corpo son, para Aristóteles, complementarios e non opostos.

Da mesma forma que materia e forma constitúen toda sustancia, alma e corpo forman un individuo separable únicamente en teoría. Así pois, a pesar de que a alma é o principio vital que move e lle da vida ao corpo, o certo é que esta, para existir, depende tanto do corpo como a vista do ollo ou o sorriso da boca.

“Opinan rectamente aqueles que sosteñen que a alma non pode existir sen o corpo, pero que esta non é, en ningún sentido, o corpo. Non é un corpo, senón que se encontra unida a un corpo, e, polo tanto, reside nun corpo.”

Posuir alma é propio de todo ser animado: plantas e animais téñena, igual que o ser humano. En todos eles a alma é o principio vital, é dicir, aquilo que lle da vida e enerxía ao corpo. Agora ben, a natureza e o rango diferente que posúen plantas, animais e seres humanos fan que a súa alma sexa tamén diferente. Así, distingue tres tipos de almas ou tres funcións que esta cumpre:

- alma vexetativa (propia das plantas)
- alma sensitiva (dos animais)
- alma intelectual ou racional (exclusiva do ser humano)

Cada unha destas funcións anímicas (vexetativa, sensitiva e racional) é característica dunha especie (plantas, animais, humanos), mais non en exclusividade, xa que, por exemplo, a función superior da alma, a intelectual, supón as outras dúas:

...temos
metabolismo,
tamén
percepción
(sensación) e
pensamento
(razón ou
intellección)

...temos metabolismo, tamén percepción (sensación) e pensamento (razón ou intellexión)

TIPO	FUNCIÓN	PROPIA DE...
Alma vexetativa	Nutritiva. Está relacionada coa busca, coa asimilación e co aproveitamento dos recursos vitais. O seu obxectivo é a conservación da especie.	Todos os seres vivos, aínda que é específica das plantas.
Alma sensitiva	Apetitiva e motora. Está relacionada coa percepción sensible e coa capacidade de trasladarse, modificar e interactuar co contorno.	Todos os animais, incluso o ser humano.
Alma intelectual	Coñecemento, reflexión, deliberación e elección. Permite coñecer o mundo e a un mesmo, así como relizar a acción mellor.	O ser humano en exclusividade.

Como veremos máis adiante, esta **concepción antropolóxica** do ser humano terá as súas repercusións na teoría ética aristotélica.

Cando abordamos a **Ética e Política en Aristóteles**, a conexión co anterior é necesaria: en definitiva, o mellor para o ser humano é cultivar aquela parcela de alma que lle é característica (a racional).

A Ética, un saber práctico, trata da maneira como deben organizar a súa vida os humanos para poder vivir ben e ser felices.

Para os animais, o *ethos* (=carácter ou maneira de ser), determina o seu comportamento. O ser humano, en cambio está dotado de alma racional, pode pensar, reflexionar e decidir máis alá do seu condicionamento ou *ethos*. Por iso hai Ética, é unha disciplina encargada de orientar e guiar o comportamento.

Igual que a súa Física, a súa Ética ten un forte compoñente **teleolóxico**. Toda acción responde a un obxectivo ou **finalidade**: actuamos buscando un ben (gañar diñeiro, vivir tranquilos ou obter fama e recoñecemento)

Detrás de todos estes obxectivos, que son un ben para alcanzar outro obxectivo, existe un ben que se busca por el mesmo: a **felicidade** (*eudaimonía*).

Segundo Aristóteles, a felicidade é o **ben supremo**, desexable por el mesmo e que non se subordina a ningún outro. Sen embargo, cada un atopa a felicidade nun lugar diferente. Pero para o filósofo, a finalidade de cada cousa radica naquilo que lle é propio, en actualizar as súas potencias. (Así, para un coitelo o máis propio é cortar; para unha árbore medrar e dar froito...)

Para o ser humano, o máis característico e natural é a racionalidade, por iso a felicidade consistirá en exercer esa facultade, é dicir, en levar **unha vida contemplativa adicada ao saber**. (ao estudo, á investigación). Non é propio do humano o nivel vexetativo nin o sensitivo (aínda que os teña tamén), senón o intelectivo-racional: actualizar a potencialidade intelectual constitúe a nosa felicidade.

A boa exercitación da actividade intelectual dótanos de excelencias ou eficiencias teóricas que son denominadas **virtudes dianoéticas**. (Dianoético ven do grego dianoia, que significa pensamento ou razón discursiva) As virtudes dianoéticas son aquela que están relacionadas coa capacidade de reflexión e deliberación, ou sexa, a capacidade de entender como é o mundo e como aplicar o que se sabe correcto á elección máis acertada. Aristóteles distingue as seguintes:

- A **prudencia** (*phronesis*), a capacidade de saber cómo levar á práctica os principios
- A **arte** (*techné*), a capacidade de saber producir
- A **ciencia** (*episteme*), o coñecemento racional do que é demostrable
- Sabedoría** (*sofia*), a comprensión teórica mediante a razón contemplativa
- A **intelixencia intuitiva** (*nous*), a habilidade para captar os principios máis xerais

Estas virtudes son teóricas e teñen un valor en por si: é precisamente no seu exercicio onde radica o ideal de vida e a posibilidade de máxima felicidade. Unha persoa que non exercite estas capacidades deixa de realizar a máis xenuína actividade humana, polo que está como incompleta: é pouco probable que poida ser realmente feliz.

De todos os xeitos, **o ser humano non é só intelecto**, polo que para a súa felicidade hai que atender tamén a outros aspectos. (O home non é só racional, tamén é sensitivo e vexetativo, por tanto debe

atender ás necesidades destes outros ámbitos). A clase de virtudes correspondente a este eido é a das **virtudes éticas**.

As virtudes éticas están relacionadas coa **maneira de actuar no mundo**, e controlan as nosas paixóns e desexos.

A **pauta ética** máis axeitada é **buscar sempre o término medio**, a moderación en todos os aspectos do comportamento. Cando un se pregunta que debe facer, a resposta é “evitar tanto o exceso como o defecto”. Por exemplo, é virtuoso ser valente (tan distante da covardía como da temeridade), ou temperado (nin sempre esmorga nin ausencia de pracer)...e Aristóteles continúa aplicando a regra do termo medio á amabilidade, a veracidade, o bo humor, a xustiza, etc.

Só a prudencia e a razón de cada un garanten a elección correcta do termo medio.

Ética e política, tanto en Platón coma Aristóteles, son **ámbitos inseparables**: a ética conduce á política transmite o ideal ético. Se a ética se ocupa de organizar e orientar o comportamento individual de cara á felicidade, a función da política é organizar a vida e o comportamento colectivo para asegurar o ben común. En definitiva, ética e política teñen o mesmo obxectivo: o benestar e a felicidade humanos.

Non obstante, a ética está subordinada en certo sentido á política, pois é preferible o benestar da comunidade á dun só, e por outra banda, o individuo, en tanto que ser social, só se pode desenvolver e ser feliz no marco da polis, Estado ou sociedade. Esta ten a obriga e o deber de proporcionar as ferramentas necesarias para que os seus membros satisfagan as súas necesidades e intereses.

Para Aristóteles, o **ser humano** é, pola súa natureza e condición, un ser esencialmente **político**, é dicir, **social** (*zoon politikon*). Isto significa que só no seu seo pode realizarse como humano e desenvolver todas as súas potencias.

Aristóteles argumenta este carácter social do home baseándose no seu esquema teleolóxico aplicado a unha realidade exclusivamente humana: a linguaxe (*logos*) Cal é a finalidade da linguaxe? Comunicarnos, especialmente o relativo ao que é convinte ou inconvinte, xusto ou inxusto, e todas as cuestións éticas. Polo tanto, estamos naturalmente programados para vivir en comunidade. (Di Aristóteles que un ser humano illado “é como unha besta ou coma un deus”...e nos extremos non debe residir o ideal: o home é o termo medio des polaridade.)

Aristóteles ten un enfoque realista da política (frente ao idealista de Platón), o que o leva a estudar con talante observador a realidade política do seu tempo. A raíz disto, **nega a posibilidade dun Estado perfecto** (a utopía platónica) porque cada pobo vive unhas circunstancias xeográficas, climáticas, culturais...que fan imposible establecer unha orde xeral válida para todos. Así, cada comunidade terá que atopar aquela organización que mellor se adapte as súas necesidades e recursos.

Agora ben, establece un criterio para diferenciar os bos dos malos reximes: han **servir ao ben común** e non a un interés particular (de unha persoa ou un grupo social determinado). Aplicando este criterio, que cruza co de atender ao número de gobernantes (un, uns poucos, a maioría), describe os Estados existentes como

monarquía	tiranía
aristocracia	oligarquía
república	democracia (demagogia)

Pero o máis importante, para Aristóteles, é que haxa estabilidade, e esta só se pode obter negando os extremos. Por iso defende unha **comunidade moderada**, na que os cidadáns non sexan nin moi ricos nin moi pobres, é dicir, na que a maioría sexa de **clase media**.

A modo de **epílogo**, (ou como peche para un comentario de texto), podemos repetir o dito respecto a Platón: esta filosofía clásica grega é un dos piares que definen a civilización occidental, tendo influencia non só en outros pensadores, senón en múltiples aspectos da cultura (literatura, economía, psicoloxía, arte...).

Platón nunha liña idealista e racionalista, e Aristóteles nunha liña máis empirista e realista foron modelos e referentes obrigados.

No caso deste último é de destacar o predominio que terá como pensador e mestre indiscutible durante a **Idade Media** (séculos III-XV dC) Despois duns anos de escuridade nos que a produción clásica se perdera, Aristóteles é reencontrado gracias ao traballo de pensadores árabes como Avicena (s.X) e Averroes (s.XII). Logo de ser recuperado en Occidente, será adaptado aos novos tempos por un pensador da altura de Tomé de Aquino. Santo Tomé realizará unha **cristianización** do estaxirita que converterá a súa **doutrina** en autoridade e verdade incuestionable durante toda a **Escolástica** e ata ben entrado o Renacemento.

No Renacemento, as ciencias para progresar e abrirse camiño coas novas teorías, tiveron que se opoñer ao sistema aristotélico (física, astronomía, bioloxía...)

Non obstante a posteridade reconece o mérito do seu inmenso legado. Charles Darwin chegou a dicir: “Linneo e Cuvier foron os meus deuses, pero, comparados con Aristóteles, non foron máis que uns nenos.”